



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZASETE DE AGOSTO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

Secretaria accidental: D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de agosto de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/07/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202299900000212 de don Diego García Piñeiro. (Expediente núm. 2022/U022/000009)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación (vivenda) preexistente de carácter tradicional e ampliación de volume en Sarandón, 46 - Sarandón (San Miguel) (Expdte. núm.: 2022/U022/000009), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro, en calidade de arquitecto, sendo don Melchor Nogueira Uzal o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, un presuposto de execución material de 109.654,36 euros e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000505000NH43C.

Dáse conta tamén do informe sectorial emitido pola Consellería do Medio Rural. Referencia 2022/1711481 .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste, e do sistema de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro con número de visado 2202501,2 e de data 02/05/2022 .

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cento noventa e tres euros con nove céntimos (#2.193,09#)

2.2.- Instancia núm. 202299900000460 de Unión Fenosa Distribución, S.A . Gas Naturgy –UFD (Expdte. núm. 2022/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, con domicilio en Coruña (A), solicita licenza para obras de subministración eléctrica de 5,75 kw para uso agrícola en Albela de Arriba - Ribadulla (Santa Cruz). Liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante, sendo a canalización total de 134 metros de lonxitude, número SGD: 618521070274 en Albela de Arriba - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2022/U022/000021), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais N-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza, en calidade de Graduado en Enxeñería Eléctrica, cun orzamento provisional de 14.078,36 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas no expediente nº: IF204A/AC/2021/1298 e cuxas condicións deberán cumprir; dáse conta tamén da declaración responsable presentada en Augas de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 12/11/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos oitenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (#281,57#)

2.3.- Instancia núm. 202299900000589 de Unión Fenosa Distribución, S.A. Gas Naturgy UFD (Expediente núm. 2022/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD. A interesada solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 5,75 kW para vivenda unifamiliar. Proxéctase liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM do solicitante e canalización de 33 metros, SGD 618522050032, en Nande - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2022/U022/000026) nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 4.800,29 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

A reposición da capa de rodada da vía, realizarase en aglomerado asfáltico igual que o existente.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de noventa e seis euros con un céntimo (#96,01#)

2.4.- Comunicación de obra de don José Uzal Rendo. (Expediente núm. 2022/U026/000019)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Uzal Rendo para rehabilitación de vivenda consistente en renovar a tella da cuberta e pintar as fachadas, nos termos da memoria técnica achegada asinada por don Pablo José Pouso Iglesias en calidade de arquitecto técnico e de data abril do 2022.

Dáse conta da comunicación de Augas de Galicia de achega da declaración responsable DH.W15.84772.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50800542, emprazada en Reboredo, 14 – Ponte Ulla (Vedra), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento once euros con corenta céntimos (#111,40#).

2.5.- Comunicación de obra de don Manuel Jesús Campelo Sende. (Expediente núm. 2022/U026/000032)

Dáse conta do expediente número 2022/U026/000032 de comunicación de obra promovido por don Manuel Jesús Campelo Sende para peche de parcela con postes e muro de 50 cm. de formigón e malla metálica simple torsión, cunha altura total que non superará o 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50400068, emprazada en Francés - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta do informe emitido pola Xefatura Territorial Consellería do Medio Rural. Expediente 2022/1554765.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta euros con oitenta e nove céntimos (#80,89#).

2.6.- Comunicación de obra de dona M^a. Del Rosario Castro Ferro. (Expediente núm. 2022/U026/000036)

Dáse conta do expediente número 2022/U026/000036 de comunicación de obra achegada por dona M^a del Rosario Castro Ferro para substitución da cuberta de vivenda unifamiliar colocando tella e pranchas de fibrocemento nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Asier Goyanes Torreiro en calidade de arquitecto técnico e de data 07/06/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 8463116NH4386S, emprazada en Castro, 8 - Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta U-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e un euros con corenta e un céntimos (#191,41#).

2.7.- Comunicación de obra de dona Eva Torres Mariño. (Expediente número 2022/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Eva Torres Mariño para apertura de gabia para colocación de portal e retirada de plataforma base de depósito de auga.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000203500NH43D, emprazada en Argunte,10 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación de obra de dona Olga Albela Lema. (Expediente número 2022/U026/000043)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Olga Albela Lema para construción de peche lateral de parcela, de dous metros de largo, con base de bloque (revestido e pintado) de 0,80 m. postes e arame sen superar a altura total de 1,80 m. e colocación de porta de paso.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002201300NH43F, emprazada en Rozadela, 4 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos Núcleos Rurais N-1 , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación de obra de dona María Teresa Bouzón Rey. (Expediente número 2022/U026/000044)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Teresa Bouzón Rey para construción de peche de parcela con base de formigón (revestido e pintado) sen superar os 1,50 m. de alto, e postes e arame sen superar o 1,80 m de altura total. O peche será pola fronte da parcela (salvo a parte que xa existe), lateral oeste e parte do lateral este. A lonxitude total será de 140 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001800700NH43E, emprazada en Fontao, 15 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dezaseis euros (#216,00#).

2.10.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2022/U026/000045)

Dáse conta do expediente municipal número 2022/U026/000045 tramitado a instancias de don Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira tipo 8E en Paradela - Sales (San Xián= Ref. 8187753 - 3479027 en Paradela - Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 15/12/2020 asinada por Sara Pardo Fanio. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.11.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2022/U026/000049)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de don Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de poste de madeira, tipo 8E, en Matelo - Sales (San Xián) Ref. 8261804 - 3539952. en Matelo - Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 21/09/2021 asinado por Alfonso Goday Otero. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.12.- Comunicación de obra de don José Iglesias Vilaboa. (Expediente número 2022/U026/000051)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Iglesias Vilaboa para rehabilitación de vivenda consistente na substitución de azulexos e pavimento de cociña e baño nos termos da documentación achegada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001803600NH43E, emprazada en Fontao, 3 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2 , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.13.- Comunicación de obra de don Guillermo Seoane Collazo. (Expediente número 2022/U026/000052)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Guillermo Seoane Collazo para rehabilitación de vivenda consistente en substitución da tella nunha superficie aproximada de 100 m² nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000301900NH43G, emprazada en Texo, 17 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con noventa e sete céntimos (#74,97#).

2.14.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2021/U026/000110)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de don Tomás Rodríguez Lizana en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de madeira, tipo 8E, en vía pública REF: 8272914_3554901 en RIBADULLA (SAN MAMEDE) - VEDRA, nos termos da documentación técnica achegada de data 29/09/2021 asinada por don Alfonso Goday Otero. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público. Dáse conta tamén da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. (Expediente: 241/22)

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á



información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.15.- Instancia de don Joaquín Cerdeira Parada. (Expediente número 2022/U018/000007)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para parcelamento de finca en Marzán de Arriba (Vedra), en catro parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data xuño de 2022.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo dos Núcleos Rurais (N1), parte como Solo de Expansión dos Núcleos Rurais (N-2) e o resto como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Marzán de Arriba (Vedra) nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de douscentos corenta euros (#240,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e na documentación técnica de 88,00 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.16.- Instancia de dona María del Carmen Vázquez Turnes. (Expediente número 2022/U018/000008)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para reconfiguración de lindes de dúas parcelas rústicas emprazadas en Pousada de Arriba (Vedra), para o que achega documentación técnica asinada por don Yago Leis Chao en calidade de técnico superior en topografía.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para a reconfiguración dos lindes das fincas descritas no proxecto mencionado, de data 11/07/2022, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

2.17.- Instancia de don José Rodríguez Fouce e don Antonio Díaz Ramos. (Expediente núm. 2022/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, solicitan licenza para agrupamento e novo parcelamento de fincas en Nande – Sales (San Fins) en dúas novas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don José Manuel Arias Illanes, en calidade de arquitecto, e de data 11/05/2022.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como, Solo Rústico de Especial Protección Agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para agrupamento e parcelamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Nande – Sales (San Fins) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

3º.- Aprobación, se procede, do prezo público actividade de inglés no curso 2022/2023

A vista de que o Concello de Vedra, a través do departamento de Cultura organiza un novo curso de actividades culturais en idade escolar e para persoas adultas para o curso 2022/2023, e á vista da documentación que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das clases de inglés en idade escolar e para persoas adultas para o curso 2022/2023 que se achega como Anexo I.

Segundo: Proceder a súa publicación na páxina web do Concello e na sede electrónica.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xullo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
431	01/07/2022	Adxudicación servizo de monitores campo de voluntariado 2022 (Exp. 2022/C002/000011)
432	01/07/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
433	01/07/2022	Expediente de modificación de créditos 5/2022
434	01/07/2022	Inicio expediente de contratación da obra de <i>Reforma da Escola unitaria de San Fins de Sales</i> (Expdte. 2022/C002/000013), cofinanciada por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte
435	01/07/2022	Aprobación certificación núm. 4 da obra de <i>Sustitución de</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		<i>envolvente en el Pabellón Municipal de Vedra e factura correspondente da empresa adxudicataria, Covisam , S.A por importe de 45.823,53 euros</i>
436	01/07/2022	Modificación contrato de Aldara Collazo Furelos como monitora de ludoteca e servizo de madrugadores como contrato temporal por circunstancias de produción a tempo parcial
437	04/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
438	04/07/2022	Baixa na EIM curso 2021/2022 de APR
439	05/07/2022	Aprobación xustificantes e gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F2022.23 por importe de 94.908,21 euros
440	05/07/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e a Sociedad de Caza Vedra correspondente á anualidade 2022
441	05/07/2022	Aprobación xustificantes e gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol incluídas na relación de facturas F2022.23 por importe de 7.388,19 euros
442	04/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
443	05/07/2022	Expediente xestión de biomasa parcelas en Cibrán –San Xián de Sales
444	06/07/2022	Contratación persoal para substitución de persoal de Protección Civil de baixa por permiso de paternidade
445	07/07/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
446	07/07/2022	Aprobación listaxe de reserva para posibles nomeamentos como auxiliar administrativo/a funcionario/a de carreira e procedemento de chamamento (aspirantes cun exame aprobado no proceso selectivo da OEP 2018)
447	07/07/2022	Inicio trámites para o nomeamento dun/unha auxiliar administrativo/a
448	08/07/2022	Adxudicación obra de <i>Saneamento en Santa Cruz</i> (POS + Adicional 2/2022) a Oviga, S.L (Exp. 2022/C003/000002)
449	08/07/2022	Adxudicación obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento en Afós –Eiravedra</i> (POS +Adicional 1/2019) a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A (Expdte. 2022/C003/000003)
450	08/07/2022	Designación coordinador de seguridade e saúde da obra de <i>Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns – San Xián de Sales</i> (POS + 2021) (Exp. 2022/C003/000001)
451	08/07/2022	Alta SAF –Libre concorrencia de ELSC
452	08/07/2022	Redución intensidade SAF libre concorrencia a ACM
453	11/07/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do programa Conxuga, modalidade vacacións lúdicas, correspondente ás mensualidades de xullo e agosto
454	11/07/2022	Concesión axuda de emerxencia social a MSM
455	11/07/2022	Devolución ao usuario ACM da parte proporcional ingresada en exceso da taxa do SAF-Libre concorrencia
456	11/07/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM correspondente á mensuralidade de xuño
457	11/07/2022	Aprobación xustificantes e gastos vinculados ás primas de seguros incluídos na relación de facturas F2022.25 por importe de 5.438,86 euros
458	13/07/2022	Renovación licenza para posuidor de animal potencialmente perigoso



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



459	14/07/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e a Asociación Senunpeso Producións prevista no orzamento 2022
460	14/07/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
461	15/07/2022	Aceptando subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022 mediante sistema compartido, solicitada conxuntamente co concello de Boqueixón para o investimento <i>Mellora da ruta de sendeirismo de Donas a Gundián</i>
462	18/07/2022	Aprobación xustificantes e gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F2022.26 por importe de 45.603,37 euros
463	18/07/2022	Aprobación xustificantes e gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F2022.27 por importe de 5.151,78 euros
464	19/07/2022	Aprobación dotacións económicas aos grupos municipais do 2º trimestre de 2022
465	19/07/2022	Aprobación indemnizacións por asistencia aos/as concelleiros/as do 2º trimestre de 2022
466	19/07/2022	Aprobación complementaria do Fondo de Acción Social (1º período de 2022)
467	19/07/2022	Aprobación quilometraxe do persoal do CIM correspondente ao 2º trimestre de 2022
468	19/07/2022	Adxudicación praza no Programa Conxuga, modalidade vacacións lúdicas, a TMJ e VMJ
469	19/07/2022	Pago bonos alimentos ao supermercado (XV)
470	19/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
471	19/07/2022	Aprobación trienios persoal municipal
472	20/07/2022	Cambio xornada na EIM curso 2022/2023 de JDTR
473	20/07/2022	Adxudicación obra de <i>Reforma Escola unitaria de San Fins de Sales</i> ao licitador ICAFER, S.L (Exp. 2022/C002/000013)
474	21/07/2022	Modificación créditos 6/2022 (xeración)
475	20/07/2022	Expediente xestión de biomasa de parcelas en Pazos – Santa Cruz de Ribadulla
476	26/07/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e o C.D. San Mamede prevista no orzamento 2022
477	26/07/2022	Inicio expediente de contratación da obra de <i>Mellora de camiños en Riveira, Silva de Abaixo e San Mamede</i> (Plan mellora de camiños AGADER)
478	26/07/2022	Aprobación factura correspondente á liquidación final da obra de <i>Mellora de accesibilidade e mellora enerxética na casa de cultura de San Miguel de Sarandón</i> , correspondente ao exercicio 2021, por importe de 16.355,48 euros
479	26/07/2022	Aprobación nóminas mes de xullo
480	22/07/2022	Concesión permiso a Zenit Televisión, S.A para utilizar o campo de Gundián o día 30 de xullo para levar a cabo o programa A Carballeira
481	26/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
482	27/07/2022	Aprobación expediente de contratación obra de <i>Mellora de camiños en Riveira, Silva de Abaixo e San Mamede</i> (Plan de mellora de camiños municipais AGADER)
483	27/07/2022	Aprobación concesión de subvención directa á AA.VV de San Miguel de Sarandón e conta xustificativa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



484	27/07/2022	Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores. Curso 2022/2023
485	27/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
486	27/07/2022	Autorización uso de grellas na área recreativa de Cubelas o día 07/08/2022 para a festa do chourizo
487	27/07/2022	Autorización uso de grellas na área recreativa de Agronovo o día 14/08/2022 para a comida de confraternidade da veciñanza de Santa Cruz
488	27/07/2022	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns – San Xián de Sales (POS +2021)
489	27/07/2022	Expediente de xestión de biomasa en parcelas de Paradela – San Xián de Sales
490	27/07/2022	Expediente de xestión de biomasa en parcelas de Laraño – San Xián de Sales
491	27/07/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
492	28/07/2022	Nomeamento de Ana Uzal Rey como funcionaria interina para a praza de Auxiliar Administrativa de Administración Xeral
493	28/07/2022	Nomeamento da funcionaria Mercedes Pereiras Caldelas como Secretaria –Interventora-Tesoureira accidental do concello do 01-31 de agosto, por vacacións do titular
494	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 53 de Laraño – San Xián de Sales
495	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 6 de Laraño – San Xián de Sales
496	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 31 de Laraño – San Xián de Sales
497	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 5 de Laraño – San Xián de Sales
498	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 16 de Nande – San Fins de Sales
499	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm.7 de Avda. M. M. Gómez Lorenzo –Vedra
500	29/07/2022	Contratación de Martín Fernández Castro para substitución por baixa de axudante de recollida de residuos
501	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 29 de Laraño – San Xián de Sales
502	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 15 de Laraño – San Xián de Sales
503	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 18 Laraño – San Xián de Sales
504	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da Mina Serrabal (RAMSA)
505	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 45 de Laraño – San Xián de Sales
506	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 47 de Laraño – San Xián de Sales
507	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 27 de Laraño – San Xián de Sales
508	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 30 de Laraño – San Xián de Sales
509	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 16



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		de Agrelo – Santa Cruz de Ribadulla
510	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 24 de Laraño – San Xián de Sales
511	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 28 de Laraño – San Xián de Sales
512	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 24 de Cornado – San Fins de Sales
513	29/07/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 17 de Nande – San Fins de Sales

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos

5.1.- Aprobación padrón fiscal SAF.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente aos dous trimestres do ano 2022, cuxo resumo é o seguinte:

1º TRIMESTRE

	Nº usuarios	Importe (euros)
Usuarios dependentes	61	16.595,87
Libre concorrencia	21	9.024,08

2º TRIMESTRE

	Nº usuarios	Importe (euros)
Usuarios dependentes	61	16.378,60
Libre concorrencia	20	8.045,53

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os citados padróns.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.

ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE INGLÉS CURSO 2022/2023

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás clases formativas en inglés nas seguintes modalidades:



- Escola de Inglés para nados e nadas entre o 2006 e o 2019.
- Clases de Inglés para persoas adultas: para nados e nadas antes do 2006.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

- Escola de Inglés: os pais, nais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos da “Escola de Inglés” referida no artigo anterior.
- Clases de Inglés para persoas adultas: as persoas beneficiarias do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” ou os pais, as nais, titores ou responsables de quen se beneficie do servizo “Clases de Inglés para persoas adultas” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

Escola de inglés	30€/mes
Clases de inglés para persoas adultas	35€/mes

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 10 días de cada mes do curso realizado.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. A actividade terá unha permanencia mínima de 6 meses, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.